


Protocolo de uso do RADIOCO-CUAC FM

1. LOGIN


<https://cuacfm.org/radioco/>

Arriba á dereita pinchar en: Iniciar sesión

Introducir nome do usuario e contrasinal, o usuario diferencia (AVISO: os nomes de usuario poden ter maiusculas e minúsculas)




Unha vez dentro da Web atoparás o teu **menú de administración do sitio**:



2. Perfil de usuario

Aquí poderás modificar o teu nome, login, contrasinal, e incluso amosarnos unha foto ou información sobre ti mesmo/a. Por agora os perfís de usuarios non son públicos.



3. Programas

Aquí poderás modificar a información que aparece no radioco sobre o teu programa. Deberías incluír:

- Día de Emisión
- Descrición do programa
- Nome dos compoñentes
- Enlaces ás redes sociais do programa, do blogue
- Enlaces a repositorios de descargas (Ivoox, Podomatic...)

Administración de RadioCo



Inicio > Programmes > Programas > Días de Radio

Modificar programa

Nome:
Por favor non cambie este valor. É usado para facer URLs.

Descrición:

Estilos Normal **B I U S** ↵ ↶ ↷



AQUI PODEMOS DESCRIBIR O NOSO PROGRAMA

"O MELLOR DIRECTOR DE CINE DA Hª DE NOVA YORK MUDA PARA A CORUÑA PARA FACER O MELLOR PROGRAMA DE CINE DA Hª DA RADIODIFUSIÓN "

NO 103.4 De CUAC FM

body p

Categoría:

Temporada actual:

Foto: **Actualmente:** /radioco/static/radio/images/default-programme-photo.jpg
Modificar: No se ha seleccionado ningún archivo.

Idioma:

Papeis

Papel: Días de Radio: **Woody_Allen**

Persoa:

Papel:

Descrición:

3.1. Papeis dos membros do programa

A coordinadora de contidos crea un usuario para cada un dos socios con programa de CUAC FM e despois os enlaza ao programa/s nos que participan.

Se queres que no teu programa apareza un novo socio (por exemplo, unha nova incorporación), tedes que comunicarllo á coordinadora de contidos no email contidos@cuacfm.org

Por agora no voso perfil do RADIOCO aparecerán os datos das persoas que indicaredes no formulario de alta do programa.

Cada programa ten asignado unha serie de “papeis”, son os socios de cuac que forman parte do programa en calidade de “**presentadores**” (*independentemente da vosa función, por agora todos sodes presentadores*).


Podedes modificar a información que queirades que apareza sobre vós (estará pública na web).

4. Episodios.

RADIOCO grava automaticamente e sube á web cada un dos episodios que semanalmente emitides en directo.

Unha vez gravado, o finalizar o programa, xa está colgado do radioco e podedes modificar a páxina que se xenera automaticamente por cada episodio 32 horas antes da emisión en directo. O finalizar o programa estará dispoñible ó mp3 e se publicará a actualización do RSS do podcast.

Recomendamos introducir unha descrición do contido de cada un dos episodios do voso programa. Iso axuda á audiencia a coñecer previamente o contido do podcast e ademais mellora as búsquedas en Google.




The screenshot shows a web browser window with the URL <https://cuacfm.org/radioco/admin/programmes/episode/add/>. The interface is for adding a new episode. It includes a dropdown menu for 'Programa:' set to 'Días de Radio', a text input for 'Título:' with 'Días de radio 01', and a rich text editor for 'Resumo:'. The rich text editor contains a paragraph of text about a radio program from the 1940s, a photo of a radio studio, and metadata like 'Música: Dick Hyman' and 'Director: Woody Allen'. Below the editor are fields for 'Data de emisión:', 'Temporada:', and 'Número de episodio:', all set to '(Ningún)'. At the bottom, there is a section for 'Axudantes' with 'Axudante: #1' and a dropdown for 'Persoa:' set to 'Woody_Allen' and a dropdown for 'Papel:' set to 'Presentador'.

5. Descargar os Podcast

Unha vez emitido o programa xa podes descargar o arquivo de son do teu programa dende o teu navegador web como se ve na imaxe so tes que premer co botón dereito do rato no reproductor da web e marcar “Gardar audio como”.

Se queres subir o teu audio a Ivoox, podes empregar o audio dispoñible no radioco para compartir, nese caso só debes “Copiar dirección de audio” e teredes a dirección do MP3 para publicar en iVoox, por exemplo



<https://cuacfm.org/radioco/recordings/2016-01-26%2018-00-00%20alegria.mp3>

Tamén tes dispoñible un RSS do programa no que irán publicando cada un dos episodios a medida que se vaian gravando, para iso so debes premer sobre a seguinte imaxe na páxina principal do teu programa.



Tamén podes copiar a enlace o RSS que tería o seguinte formato:

<https://cuacfm.org/radioco/programmes/alegria/rss/>